



**fondo
galego**
de cooperación
e solidariedade

Memoria | 2 | 0 | 1 | 1 |
Un tempo novo





Memoria 2011

Fotografías de portada: Fondo Galego

Edita: Secretaría do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (IGADI)

Sede do Fondo Galego: FEGAMP- Área Central
Rúa Varsovia, 4C – 6ª
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 981-555-999
Fax: 981-565-203

Secretaría do Fondo Galego: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)
info@igadi.org


Tiraxe: 700

Impresión: Gráficas Feito S. L.

Deseño gráfico: Breogán Xuncal Pereira

Depósito legal:

ÍNDICE



0	PRESENTACIÓN	5
1	TECIDO E VIDA ASOCIATIVA	7
2	RELACIONES INSTITUCIONAIS	11
3	PROXECTOS	15
4	SENSIBILIZACIÓN	29
5	COMUNICACIÓN	37
6	BALANCE CONTABLE	39
7	AXENDA 2011	41



0

INTRODUCCIÓN: UN TEMPO NOVO



O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade despediuse do 2011 con fondas esperanzas postas nun futuro mellor. Para todas e todos foi un ano difícil, marcado pola crise económica, mais tamén foi un ano marcado pola nova configuración nos entes do poder local tralas eleccións municipais do 22 de maio.

Este feito orixinou a renovación da Comisión Executiva do Fondo Galego, presidida dende os seus inicios por Alfredo Novoa. Sen dúbida, esta renovación de cargos e representacións políticas dará un novo pulo ao traballo e o esforzo depositado, na que podemos chamar, a axencia de cooperación internacional do poder local galego.

Faise esencial recoller a experiencia acumulada neste tempo, así como se fai tamén esencial ter presente o esforzo e dedicación do seu presidente durante todo este longo proceso, no que tantos bos froitos se deron e seguen a ser recollidos.

A nova Comisión Executiva, e eu, a presidenta do Fondo Galego, sendo conscientes da nosa responsabilidade, recollamos o testemuño coa ilusión e o en-

tusiasmo con que se afrontan os novos proxectos. Tamén con moitas ganas de seguir avanzando no terreo da solidariedade municipalista en Galicia, superando o noso íntimo minifundismo, as nosas diverxencias; e cooperando entre nós, para traballar a prol da erradicación das desigualdades a nivel mundial. E máis, dar un novo paso a prol de realmente favorecer, coa nosa experiencia, unha sociedade galega moderna que traballe polo desenvolvemento de todos os pobos.

A crúa realidade amósanos que o 2011 foi o ano no que menos proxectos de cooperación ao desenvolvemento foron financiados, e un dos que menos recursos se destinaron a este propósito. Pero por pouco que for, o Fondo Galego continuou, a través dos mesmos, a apoiar procesos de desenvolvemento humano e social, e a avogar polo respecto dos Dereitos Humanos máis básicos, en países que levan vivindo en crise dende hai décadas.

Se ben é certo que a propia crise económica influíu de maneira determinante no descenso de proxectos apoiados no sur no 2011, é certo tamén que o interese por parte dos nosos socios

polas accións de sensibilización vai en aumento, aumentando ano a ano o número das actividades de sensibilización en rede que implementamos.

Isto tradúcese en que o Fondo Galego, malia as dificultades para manter a súa participación económica, continúa centrado na superación das iniquidades e desequilibrios norte-sur. Un obxectivo que enfocamos dunha maneira transformadora e sustentable, a través da sensibilización social en Galicia para a creación dunha intelixencia solidaria global dende o local.

Non dar pasos atrás no camiño da solidariedade foi e é crucial. E contamos con argumentacións claras que defenden o patrimonio de 15 anos de experiencia. A Declaración institucional: "A crise non poderá coa solidariedade do municipalismo galego" e as Liñas Estratéxicas 2011-2015, aprobadas en Comisión Executiva serán o guieiro do noso traballo ante a crise.

No entanto, nunha etapa de crise económica como esta, é claro que o Fondo Galego actuará con sentido do realismo e flexibilidade, para protexer e mellorar esta nosa gran rede, única e excepcional

do municipalismo galego. Como crise tamén significa oportunidade, esta vai-nos servir para fortalecernos e medrar por dentro nesta complexa legislatura. Experiencia, boas prácticas e calidade das accións son os recursos do Fondo Galego cara os futuros retos.

Co orgullo de asinar a primeira memoria de actividades como presidenta do Fondo Galego, quero agradecer especialmente ao meu antecesor, Alfredo Novoa, o bo traballo ao longo dos seus 14 anos de Presidencia. No Fondo continuaremos, paso a paso, construíndo

ese desexado camiño cara a xustiza e a igualdade entre os pobos.

Teresa París

Presidenta do Fondo Galego de
Cooperación e Solidariedade

1

TECIDO E VIDA ASOCIATIVA



O Fondo Galego é hoxe, e pese a nadar contracorrente, a rede sectorial máis ampla do municipalismo galego. Unha política pública que brotou desde o local, na defensa e promoción dos Dereitos Humanos xa por medio de proxectos para o desenvolvemento en países afastados, como aquí mesmo, por medio de actividades, exposicións, ou espectáculos culturais que obrigan á reflexión e a toma de posición diante do mundo que queremos. Hoxe, o Fondo é unha rede de 99 socios: 95 Concellos e 4 Deputacións provinciais.

Do Fondo fan parte socios das 4 provincias galegas, de todos os tamaños, os Concellos medianos e os pequenos, os grandes e as cidades, os da costa e os do interior. Nos que gobernan uns e nos que gobernan outros.

En total, o Fondo representa a máis do 70% da sociedade galega, dous millóns de galega/os, que indirectamente e por medio das súas institucións, son a base humana desta Axencia Local Galega de Cooperación Internacional.

Somos unha rede institucional e de persoas, enredados na procura e consolidación da incorporación á axenda política

local, dun espazo galego para a cultura de Dereitos Humanos.

Pese ao ano de cambios, dadas as eleccións municipais e as dificultades económicas que atravesamos no 2011, o tecido e a vida asociativa do Fondo demostrou a vitalidade necesaria para afrontar os retos que veñen.

Asemblea Xeral

A Asemblea é o órgano colectivo e soberano do Fondo, onde participan todos os socios por medio dos seus representantes políticos/os.


No ano 2011 a Asemblea xeral desprazouse até despois do verán dados os ritmos electorais dos gobernos locais. Así, pasadas as eleccións de maio e mentres se levaba adiante o proceso de renovación de representantes, o 30 de setembro tocou elixir nova Comisión Executiva, que nesta ocasión implicou elixir a nova Presidencia. Tamén aprobouse o balance contable de 2010 e presentouse un informe da Comisión Executiva saínte sobre a lexislatura 2007-2011.

Comisión Executiva


A Comisión Executiva (CE) reúnese en 11 ocasións durante o 2011, mensualmente a excepción do mes de agosto.

A derradeira Comisión Executiva con Alfredo Novoa como Presidente celebrouse na mesma mañá do 30 de setembro, data da Asemblea Xeral que renovou o citado órgano.

Durante os primeiros nove meses do ano conseguíuse tanto encher de sentido a actividade de servizos do Fondo (os Proxectos e o Plan anual de sensibilización), como reforzar a súa vida orgánica nesta transición organizativa que impli-



A Asemblea do Fondo Galego elixiu a nova Comisión Executiva o 30 de setembro



Fonte: elaboración propia a partir de documentación obrante na Secretaría Técnica.

No último mes do ano 2011 recibíuse a petición de baixa do Concello de Guitiriz, Castelo do Val, Cangas do Morrazo e da Deputación de Pontevedra. Estas baixas deberán ser ratificadas en Asemblea Xeral)



Teresa París relevou a Alfredo Novoa, presidente do Fondo Galego durante 14 anos

ca a constitución política e institucional do Fondo como organización de cooperación internacional.

Desta maneira, a nova Comisión Executiva reuniuse por primeira vez o 8 de outubro, coa representación dos Concellos de: Redondela, Vigo, Allariz, Deputación de Lugo, Oleiros, A Coruña, Cambre, Viveiro e a Secretaría Técnica: o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional.

Como iniciativas inmediatas, a CE, presentou por medio da súa Presidenta un relatorio na Asemblea Xeral da Fegamp: *O noso traballo ante a crise*, e comezouse a traballar na Declaración Institucional: *A crise non poderá coa solidariedade do municipalismo galego*, e as *Liñas Estratégicas 2011-2015*, a instancias da Secretaría.

A Comisión Executiva para a Lexislatura 2011-2015, quedou composta por:

Cargo	Entidade	Provincia	Política/o	Técnica/o	Datos de contacto
Presidencia	Redondela	Pontevedra	Teresa París	Purificación Hermelo Iglesias	R/Alfonso XII, 2 - 36800 Redondela (Pontevedra) mariateresaparis@redondela.es uts@redondela.info 986 400 300
Vicepresidencia	Vigo	A Coruña	Isaura Abelairas	Rosa Alonso / Jesús Núñez Torrón	Praza do Rei, 1 - 36202 Vigo (Pontevedra) isaura.abelairas@vigo.org rosa.alonso@vigo.org jesus.torron@vigo.org 986 810 138
Secretaría	Igadi			Daniel González Palau	Illa de San Simón 36693 Cesantes - Redondela (Pontevedra) dpalau@igadi.org 698 156 127
Tesouraría	Allariz	Ourense	Pilar Gallego Cid	Carmen Cid Pérez	Praza Maior, 1 - 32660 Allariz educacion@allariz.com servizos.sociais@allariz.com 988 554 059
Vogalía	Cambre	A Coruña	María Jesús González Roel	Ricardo Puertas Mosquera	Adro, 1 - 15660 Cambre (A Coruña) mariajesus.gonzalez@cambre.org participacioncidada@cambre.org 981 613 128
Vogalía	A Coruña	A Coruña	José Luis Quintela	Laura Golpe	Praza de María Pita, 1 - 15001 A Coruña j.quintela@coruna.es 981 184 200 (ext. 33090)
Vogalía	Viveiro	Lugo	Isabel Rodríguez	Lorena Fernández Méndez	Praza Maior, 1 - 27850 Viveiro (Lugo) isarodlop@yahoo.es in_dhia@hotmail.com 982 560 128
Vogalía	Deputación de Lugo		Antonio Veiga Outeiro	Esther López Rodríguez	San Marcos, 8 - 27001 Lugo secretaria.culturaedeporte@deputacionlugo.org estherdebaltar@hotmail.com 982 260 262
Vogalía	Oleiros	A Coruña	Ángel García Seoane	Marga Figueroa	Praza de Galicia, 1 - 15173 Oleiros alcaldia@oleiros.org 981 610 000

RMS

A Rede Municipalista Solidaria é o mecanismo organizativo do Fondo no que se vincula a Secretaría da entidade cos/as técnicos/as das entidades socias para a súa comunicación interna e a organización de actividades de sensibilización nas entidades socias.

No 2011 reuniuse nas convocatorias do primeiro semestre, durante o mes de marzo en: A Coruña, Tomiño, Pontevedra, Pobra do Caramiñal, Lugo e Ourense

cación da organización, desde a perspectiva de que comunicar ben os nosos esforzos e as nosas actividades é tamén sensibilizar. Desta maneira identificáronse ao interior das entidades socias aos equipos de comunicación ou aos técnicos/os encargados da comunicación, para vincularlos ao traballo de comunicación do Fondo.

Deste traballo acumulado de dous anos, contamos cunha serie de 7 pressbooks-dossieres de prensa, que deixan observar a crecente presenza dos contidos do Fondo nos medios de comunicación

a defensa e promoción dos Dereitos Humanos nas entidades socias con maior poboación, tanto por medio de esforzo en proxectos como por medio de actividades de sensibilización aquí, en Galicia.

Durante o 2011, o COCIDE reuniuse o 4 de marzo.

CMC

Durante o 2011, o Consello Municipalista da Cooperación, órgano consultivo do Fondo na elaboración das bases para a convocatoria de proxectos a ONGD de



A Deputación de Pontevedra acolleu unha das xuntanzas da RMS do primeiro semestre



A Rede Municipalista Solidaria reuniuse no segundo semestre en Compostela

Na convocatoria do segundo semestre e co obxectivo de presentar a nova Presidenta do Fondo e o proxecto europeo *Redes para o desenvolvemento*, celebrouse unha única convocatoria, o 29 de novembro, en Santiago de Compostela.

Rede de comunicadoras/es solidarias/os

No 2010, o Fondo activou unha política sistemática ao respecto da comuni-

galegos, e unha mellor información das actividades e eventos que o Fondo xestiona.

COCIDE

A Comisión de Cidades e Deputacións, formada polas Deputacións socias e as sete cidades galegas, debe ter un espazo singular dentro da rede municipalista do Fondo. O COCIDE é o órgano encargado de canalizar esta vía de traballo máis ambiciosa, que procura incorporar

Galicia, formado polas organizacións do sector que o desexen, non foi convocado dada a situación económica extraordinaria.

2

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS



O Fondo Galego é unha rede institucional e de persoas que mutuamente se reforzan procurando un espazo propio, construído no local, no ámbito máis próximo a cidadanía, para achegar a solidariedade galega ao mundo.

Galego máis representantes da Secretaría técnica (IGADI) reuníronse a modo de presentación tras o cambio de Presidencia no Fondo, xunto a Jesús Gamallo, Director Xeral de relacións exteriores e a UE, e Pilar Romero, Subdirectora xeral de cooperación exterior, para achegar posicións para os próximos anos de traballo conxunto.

tonomía das mesmas, ao considerarse organizacións irmáns.

Todas as Asembleas Xerais e Comisións Executivas celébranse de feito nos edificios administrativos da Fegamp, e a sede social do Fondo atópase na sede da Fegamp.

Neste 2011, e dado o cambio de ciclos dos gobernos locais, o Fondo por medio da súa Presidenta, Teresa París, presentou diante da Asemblea xeral da Fegamp do 26 de novembro, o relatorio: *O Fondo Galego e o traballo ante a crise*, aprobado por unanimidade. Nel, entre outras cuestións, suxire aínda unha maior cooperación entre as dúas entidades, ao ser o Fondo, a axencia local de cooperación do municipalismo galego.



Os representantes autonómicos Pilar Romero e Jesús Gamallo, coa nova presidenta do Fondo Galego, Teresa París

O Fondo ademais participou no CONGACODE (Consello Galego de Cooperación para o desenvolvemento), órgano de participación da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento. Nesta

ocasión reuniuse o 21 de decembro de 2011, para aprobar o Plan anual da Cooperación Galega 2012.

XUNTA DE GALICIA

O Fondo Galego e a Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza asinaron a 7 de marzo de 2011 o Convenio de sensibilización anual, por medio do cal, o Fondo implementa o seu plan de actividades de sensibilización desde o ano 2003.

O 5 de outubro, a Presidenta do Fondo

FEGAMP

A relación da Fegamp co Fondo Galego aséntase no Acordo de 2005 asinado entre as dúas entidades. A relación de colaboración é moi próxima pese a au-

COORDINADORA GALEGA DE ONGDS

Na rede de relacións institucionais do Fondo os vínculos coa Coordinadora Galega de ONGDs son permanentes. Neste 2011, o Fondo non presentou Convocatoria aberta de proxectos para as ONGD galegas; sen embargo, xunto coa Coordinadora de ONGDs organizou o 11 e 12 de marzo en Santiago

de Compostela o “Encontro sobre a cooperación internacional en Galicia”, que xuntou a representantes da cooperación internacional española, co movemento asociativo das ONGD, as Universidades, as consultoras, ou autoridades locais galegas.

Así mesmo, as recentemente aprobadas Liñas Estratéxicas 2011-2015, avogan por reforzar a relación e o traballo conxunto coas ONGD de Galicia, e coa Coordinadora directamente.

Ademais, o Fondo traballa directamente con ONGD galegas como **AGARESO** (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios), coa que producimos un programa mensual de radio ou preparamos un documental audiovisual, **Solidariedade Galega**, da que mobilizamos a exposición *Nicaragua: Unha realidade viva*, ou **Amarante**, coa que regularmente implementamos accións de divulgación sobre a compra pública responsable e o comercio xusto.

CONFEDERACIÓN DE FONDOS DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

Como aconteceu no Fondo Galego, o ano electoral nos gobernos locais marcou a vida organizativa dos outros Fondos de cooperación presentes no Estado español. Desta situación de transición, contaxiouse a vida da Confederación de Fondos, que tan só mantivo unha actitude activa nas relacións institucionais co Estado e a AECID (Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento), ao respecto do Programa Municipia.



María Paz e Gema Filgueira, vicepresidenta e presidenta da Coordinadora Galega de ONGD

Durante o 2012 renovarase o Consello federal, órgano decisor político da Confederación española de Fondos.

Cómpre destacar en calquera caso a relación de traballo conxunto co **Fons Català de Cooperació al Desenvolupament**, conformado por 300 Concellos cataláns, no ámbito do proxecto de post-emerxencia en Haití nos municipios de

Carice, Vallières e Monbin Crochu.

ANMCV

No 2011 foi reforzada a relación institucional coa **Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos** (ANMCV) parceiro clave do Fondo Galego no



Xuntanza de xerentes dos Fondos integrados na Confederación

país, a través da sinatura das **Liñas Estratéxicas 2011-2013**.

As Liñas Estratéxicas 2011-2013 danlle continuidade ao **Documento de Estratexia País 2005-2008**, denominado 'Plan de acción para o fortalecemento da nova administración local'.

Cabo Verde é un dos países prioritarios para o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, tendo en conta a afinidade cultural e a importancia compartida do municipalismo. No país executáronse, na última década, uns 40 proxectos que van dende a dotación de auga corrente ou a capacitación de xente nova ata a construción de colexios e centros comunitarios, pasando polo reforzo da participación política das mulleres e a implementación de plans municipais de igualdade. O apoio do Fondo Galego ao municipalismo caboverdiano busca contribuír á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

As accións centraranse, concretamente, no fortalecemento das capacidades dos municipios caboverdianos. Favorecera-se así un proceso de descentralización que redunde no beneficio da poboación máis vulnerable e promoverase o Bo Goberno como ferramenta na loita contra a pobreza.

Na misión realizada a Cabo Verde entre o 24 de maio e o 11 de xuño e na que participou a técnica de proxectos do Fondo Galego, Andrea Corzo, aproveitouse para entregarlle persoalmente as Liñas Estratéxicas ao Secretario Xeral da Asociación Nacional dos Municipios Caboverdianos, Dr. Valter de Sá, e intercambiar ideas sobre o seu contido e aplicación.

Así mesmo, a misión a Cabo Verde serviu para reforzar as relacións institucionais co país caboverdiano, respondendo a unha cuádrupla necesidade:

1. Estreitar as relacións de confianza e colaboración entre as cámaras municipais caboverdianas prioritarias para o Fondo Galego.
2. Coñecer de primeira man o seu grao de satisfacción coas liñas estratéxicas impulsadas polo Fondo Galego e a ANMCV.
3. Afondar no coñecemento da cooperación ao desenvolvemento en Cabo Verde, especialmente da cooperación municipalista.
4. Explorar os resultados acadados nos diferentes proxectos de cooperación financiados en anos anteriores.

O momento de realización da visita resultou especialmente interesante, tanto para o Fondo Galego como para as Cámaras Municipais caboverdianas, polos fortes recortes orzamentarios, a crise económica e, polo tanto, a agudización ou perpetuación da insatisfacción das necesidades máis básicas para a poboación. Así mesmo, dende o ano 2009 ningunha delegación técnica ou política viaxara a Cabo Verde para levar a cabo unha misión de control e supervisión dos proxectos de cooperación ao desen-

volveamento, elemento que se fai extremadamente necesario para posuír unha maior información sobre a correcta xestión, a transparencia, a eficacia e eficiencia, a viabilidade e a sustentabilidade dos proxectos financiados. Por outra banda, no 2012 terán lugar as eleccións municipais en Cabo Verde, co que a misión tamén foi importante para poder pechar un ciclo cos gobernos municipais actuais e tratar de abrir outro, xa tendo máis presentes as liñas estratéxicas aprobadas pola ANMCV e o Fondo Galego. Apostamos pola continuidade do apoio ao municipalismo caboverdiano, tal e como reflicten as liñas estratéxicas para Cabo Verde 2010-2013.



O Fondo e a ANMCV asinaron as Liñas estratéxicas conxuntas 2011-2013



Visita da técnica de proxectos ao xardín infantil de Covao Sánchez, proxecto financiado no 2006 á Cámara municipal de Santa Cruz

A misión polo arquipélago levou a percorrer as illas de Santiago, Santo Antón, Fogo e Brava. Realizáronse 9 visitas a diferentes Cámaras Municipais en torno a proxectos financiados polo Fondo Galego e mantivéronse 3 xuntanzas con axentes da cooperación caboverdiana e coa oficina da AECID.

UNIÓN EUROPEA/ REDES PARA O DESENVOLVEMENTO

No 2011, o Fondo Galego comezou a súa andaina no proxecto: *Redes para o desenvolvemento*, proxecto financiado pola Comisión Europea, impulsado desde Portugal polo Instituto Marqués de Val Flor de Lisboa, e a ONGD alemá, FINE+P.

O Fondo ten un rol no proxecto de asesor, ao ser Redes para desenvolvemento

unha aposta por mellorar a calidade e a organización da cooperación descentralizada alemá e portuguesa. O Fondo, na súa metodoloxía organizativa, ten un modelo que presentar en canto a coherencia e visión de longo prazo, xunto á calidade e a sustentabilidade da acción, e esa é a súa función no proxecto, xunto ao IGADI, no seu día animador da idea en Galicia.

O proxecto, que botaba a andar en xuño de 2010, presentouse en Galicia

aproveitando o *Encontro sobre a cooperación internacional en Galicia*, coa presenza de Herminia Ribeiro, subdirectora do IMVF. O proxecto presentouse en diferentes xuntanzas por Galicia, como na visita a illa de San Simón da Presidenta da citada Coordinadora, Gemma Filgueira, como na Rede Municipalista de 28 de novembro de Santiago de Compostela. Ademais, botouse a andar a plataforma en Internet, que abre máis posibilidades ao proxecto.



O Fondo Galego achegou a súa experiencia nunha xuntanza en Lisboa

3

PROXECTOS



15 ANOS DE ANDAINA

Durante o ano 2012 o Fondo Galego cumprirá 15 anos de vida, motivo polo cal a finais do 2011 o Fondo presentou a publicación "*15 anos de andaina: a rede solidaria do municipalismo galego*". Un total de **142 proxectos** foron apoiados neste tempo, concretamente, 70 de cooperación directa, 63 de cooperación indirecta (aqueles que financiamos a ONGD de Galicia) e 9 de axuda humanitaria ou posemerxencia.

Esta publicación, como balance da traxectoria do Fondo quixo presentar os resultados observables da financiación de proxectos no exterior, nestes tres lustros, ademais de ofrecer unha visión panorámica do Fondo Galego como ferramenta de política pública promotora e defensora dos Dereitos Humanos, alá e aquí.

O balance ofrécenos a conclusión de que na cooperación municipalista galega hai un antes e un despois do nacemento do Fondo.

Das nosas accións en proxectos, centradas no proxecto estratéxico do municipio, dadas as máis valías da natureza da nosa propia asociación, e ao propio convencemento de que o desenvolvemento humano brota no local, cómpre ademais destacar:

- Actúase en base ás **planificacións estratéxicas** que abranguen varios anos, co que fuximos do asistencialismo e das propostas non sustentables, apostando por proxectos que incidan no desenvolvemento humano perdurable.
- A **profesionalización** da secretaría técnica garante unha cooperación de calidade, transparente e que repercute positivamente na eficacia, eficiencia, sustentabilidade e viabilidade dos proxectos que se impulsan.
- Houbo preocupación por fortalecer o tecido asociativo dos axentes de cooperación galegos, a través da **convocatoria municipalista para o financiamento de proxectos de cooperación, do que dan conta os 63 proxectos apoiados**. Se ben, esta convocatoria non puido ser realizada tódolos anos debido aos escasos recursos.
- O traballo continuado na cooperación directa nos tres países prioritarios para o Fondo Galego (Cabo Verde, Nicaragua e Cuba) desenvolveu o establecemento de **alianzas cos parceiros locais, que agromaron resultados observables, que superan a mera anécdota e que combaten o mito da inefi-**

caxia dos proxectos de cooperación. As liñas estratéxicas que compartimos coa Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos desde hai máis dunha década, o Plan Maestro e a rehabilitación arquitectónica na cidade de Santiago de Cuba, ou o apoio sistemático ao proceso de desenvolvemento humano e endógeno impulsado polo INPRHU-Somoto na rexión de Madriz, ao norte de Nicaragua, son exemplos de accións con resultados e sustentabilidade no tempo.

A lectura da nosa historia como asociación e como política pública en movemento debe ser tomada en conta no balance dun ano, **o 2011**, no que tan só foron impulsados dous novos proxectos, en Cabo Verde no municipio do Paul, e en Nicaragua no municipio de Totogalpa. Ademais de dar continuidade durante o ano ao proxecto de post-emerxencia de Haití, que tamén nos ben a lembrar a natureza solidaria do pobo galego.

O monto comprometido para a cooperación no 2011 polo Fondo Galego foi así de 106.189,64€, o que supón unha redución con respecto ao ano anterior do 60,13% (sen ter en conta as achegas específicas tralo desastre de Haití). E que na comparativa co ano 2009, achégase a unha redución do 75%.

Así as cousas, a lexislatura 2011-2015, sitúanos diante do reto de consolidar unha ferramenta de política pública que agromou da demanda dunha cidadanía, que aínda nos tempos de crise que vivimos, se mantén firme en todas as enquisas de opinión, tanto a nivel galego como español.

Destacamos tamén que o Fondo é unha ferramenta mancomunada desde o poder local galego, para desde a eficacia e a eficiencia, dotar aos seus esforzos de sustentabilidade e calidade no tempo.

O Fondo é unha rede que nos capacita como sociedade moderna para o S.XXI, e que presenta ao mundo a Galicia e aos seus Concellos. A crise non pode ser escusa, a solidariedade é un gasto xusto, necesario, e demandado.

CABO VERDE**REHABILITACIÓN DAS CASAS DE EITO II (LUGAR DE LOMBO COMPRIDO). MUNICIPIO DO PAÚL (CABO VERDE)**

PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA	Lugar de Lombo Comprido, na Cámara Municipal do Paúl, Illa de Santo Antón (Cabo Verde)
DURACIÓN	4 meses
PERSOAS BENEFICIARIAS	100
PARCEIRO	Cámara Municipal do Paúl
CUSTE TOTAL DO PROXECTO	61.802,72€
ACHEGA TOTAL DO FONDO GALEGO	48.000€
CONCELLO DE A CORUÑA	20.000€
CONCELLO DE PONTEVEDRA	11.000€
CONCELLO DE VIGO	15.000€
FONDO GALEGO	2.000€
CÁMARA MUNICIPAL DE PAÚL	3.708,13€
PERSOAS BENEFICIARIAS	10.094,49€



Vista de Lombo Comprido

RESUMO

Este proxecto dá continuidade ao proxecto xa financiado polo Fondo Galego no ano 2010 "Recalificación urbana da zona de Eito", que é froito da posta en práctica do Plano Municipal de Igualdade e Equidade de Xénero, financiado no ano 2009 co apoio da Xunta de Galicia, e que vén a transversalizar a equidade de xénero como factor clave do desenvolvemento.

O proxecto ten por obxectivo mellorar as condicións de vida das persoas residentes na localidade de Lombo Comprido, a través da creación das condicións mínimas de habitabilidade. Na selección das persoas beneficiarias privilexiouse ás mulleres: nais solteiras, cabezas de familia, con familia numerosa, desempregadas ou con emprego moi precario de carácter eventual.

Con este proxecto foron promovidas condicións máis salubres en 19 vivendas da localidade de Lombo Comprido (dúas vivendas máis das contempladas inicialmente), co obxecto de mellorar a estética da localidade, aumentar a

autoestima das persoas moradoras, minimizar a mala imaxe das casas inacabadas e sensibilizar á poboación sobre medio ambiente e prácticas hixiénicas. As familias que habitan nestas vivendas atópanse na extrema pobreza, sen posuír traballo ou en situacións de subemprego, polo que non poden arranxar estas deficiencias nos seus fogares.

OBXECTIVO XERAL

Contribuír ao Desenvolvemento Humano Sustentable na localidade de Lombo Comprido, na Cámara Municipal do Paúl (Cabo Verde)

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Mellorar a callidade de vida na localidade de Lombo Comprido, na Cámara Municipal do Paúl (Cabo Verde)

RESULTADOS

Mellorada a habitabilidade e nivel de salubridade na localidade de Lombo Comprido (Eito), no municipio de Paúl

Incrementado o coñecemento e a sensibilización sobre cuestións hixiénico-sanitarias e medioambientais na localidade de Lombo Comprido (Eito), no municipio de Paúl

ACTIVIDADES

Reparación de fachadas. Un dos grandes problemas existentes na localidade de Lombo Comprido son as moitas casas inacabadas e sen condicións mínimas de salubridade que repercuten sobre o medio ambiente e a autoestima das persoas moradoras. As familias, por falta de diñeiro, deixan as casas sen argamasa e pintura e co pasar do tempo e a infiltración da auga das choivas vese acelerado o proceso de degradación das mesmas, deixando un aspecto descoidado, sen vida e sen cor. O proxecto incidiu na reparación das 19 casas que abrangue o proxecto, realizando tarefas de acabado e pintura das fachadas e dando máis vida e cor ós barrios, aumentando deste xeito a autoestima das persoas.

Construción de vivendas de raíz: Foron construídas tres vivendas de raíz por imposibilidade de realizar reparacións nas vivendas orixinais, xa que o estado de salubridade e seguridade era pésimo. Nestas tres vivendas foi instalado tamén o cuarto de baño e a cociña.

Construción de cuartos de baño e cociñas. Este proxecto contemplou como segunda actividade a rehabilitación de 8 cuartos de baño e 8 cociñas de vivendas de familias empobrecidas. A situación de insalubridade, que afecta gravemente sobre a saúde e a autoestima das persoas afectadas foi reducida. Os cuartos son do tipo occidental, con lavabo e retrete. As paredes e o piso foron revestidos de azulexo e mosaicos. As cociñas transformáronse en espazos adecuados para preparar e servir as comidas, xa que con anterioridade ao proxecto as



Vivenda en proceso de reconstrución



Vivenda antes de iniciar o proxecto

mulleres facían estas tarefas ao aire libre, por falta de cuartos nas casas, ou en habitacións non habilitadas para este uso. As cociñas contan agora cun habitáculo específico e foron dotadas (pola familia) dun banco, o fogón e unha mesa coas cadeiras.

Empedrado de camiños: O proxecto integrou tamén a revitalización espacial nun contexto de saneamento ambiental, creando espazos máis confortables e saudables e impulsando a valorización do medio ambiente que inhiba a degradación do entorno das vivendas. Foron empedrados 250m de camiños, 100 metros máis dos previstos inicialmente. Esta actividade tamén vai ligada á desaparición de augas residuais nos arredores das casas, ao coidado do entorno e á revalorización e coidado da localidade de Lombo Comprido.

Drenaxe das augas. Coa falta de planificación e rigor na xestión dos espazos foron construídas vivendas de forma desordenada non previndo obras de drenaxe das augas residuais. Deste xeito, todas as augas usadas eran lanzadas nos arredores das casas, facilitando a aparición de moscas, mosquitos e outros insectos que poden constituír focos de doenzas. A eliminación dos lugares de acumulación de auga e lixo non é só feita a través da canalización para o desvío das augas acumuladas, senón tamén coas obras de empedrado das rúas e espazos verdes que permiten maior infiltración destas augas. Esta actividade consistiu en canalizar as augas sucias e pluviais a través da instalación de pequenas canles de conducción, que evitan o estancamento das augas nos arredores das casas, evitando, deste xeito, os focos de insectos e, en consecuencia, a alta incidencia de contaxio de enfermidades relacionadas con esta problemática. Foron instalados 8 pozos negros naquelas vivendas onde foi rehabilitado/construído o cuarto de baño. Aliar a problemática da vivenda digna coa drenaxe das augas e creación de espazos verdes e de lecer significa contribuír para a melloría de vida das/os habitantes de Lombo Comprido, creando máis confort, dignidade, saúde e benestar.

Sesións de Sensibilización en materia de protección e preservación do medio ambiente e promoción da saúde pública. O Lombo Comprido é unha das localidades con maior vulnerabilidade en termos de saneamento básico. Xa había traballo feito en canto á sensibilización da poboación, pero con este proxecto o proceso de sensibilización viuse reforzado antes, durante e despois das obras. É por iso que foron realizados encontros coas persoas beneficiarias e coa poboación en xeral por parte do persoal do proxecto. Foron realizados dous encontros coa comunidade, dous coas persoas beneficiarias, e dous cos órganos da asociación local. Estes encontros tiveron como obxectivo informar sobre o proxecto e sensibilizar e formar en materia de saneamento ambiental (ou sexa mostrarlles a interdependencia entre a falta de saneamento básico e a saúde) e hixiene. Así mesmo, tamén foron realizadas visitas domiciliarias para a sensibilización en hixiene persoal e dos alimentos, o que permitiu ilustrar con exemplos reais malas e boas prácticas en cada unha das familias.



Camiño antes de ser rehabilitado



Camiño rehabilitado

NICARAGUA

MELLORADAS AS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE E SALUBRIDADE DE 11 FAMILIAS CHOROTEGAS DE TOTOGALPA, MADRIZ (NICARAGUA)

PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA	Comunidades de San José de Palmira, Palmera e El Frayle, no Municipio De Totogalpa, Departamento de Madriz (Nicaragua)
DURACIÓN	4 meses
PERSONAS BENEFICIARIAS	55
PARCEIRO	INPRHU
CUSTE TOTAL DO PROXECTO	82.243,77€
ACHEGA TOTAL DO FONDO GALEGO	58.189,64€
FONDO GALEGO	6.189,64€
CONCELLO DE VIGO	52.000€
ACHEGA DO INPRHU	4.839€
ACHEGA DAS PERSONAS BENEFICIARIAS	19.215,13€



Beneficiarias e socios do proxecto

RESUMO

O Instituto Nacional de Promoción Humana-Somoto (INPRHU-Somoto), parceiro clave do Fondo Galego en Nicaragua, é unha ONGD ubicada no Departamento de Madriz, ao norte de Nicaragua.

Desde os primeiros proxectos, que comezan co final da revolución sandinista no 1990, baseados na Defensa dos Dereitos Humanos, o INPRHU foi multiplicando as súas posibilidades de transformación social introducindo técnicas de agroecoloxía e especializándose na construción de vivendas e asentamentos tras o furacán Mitch en 1997, emerxencia na que o INPRHU xogou un rol central no traballo coordinado na rexión polas Nacións Unidas.

Actualmente, o seu Plan estratéxico dispón de tres programas, que se interrelacionan entre si: Defensa de Dereitos Humanos, Desenvolvemento rural e Educación alternativa rural. A experiencia de INPRHU en proxectos de vivendas é ampla, polo que cando falamos dun proxecto de vivendas estamos dicindo tamén que é un proxecto no que se



Cartel do proxecto

está traballando a defensa dos Dereitos Humanos e o desenvolvemento endógeno sustentable. Nos últimos anos o INPRHU executou este tipo de proxectos no Departamento de Madriz, consolidando experiencias e fortalecendo alianzas internacionais de cara a mitigar as necesidades de vivenda da poboación.

O proxecto que o Fondo Galego da man do Concello de Vigo apoiou neste 2011 tivo como obxectivo a autoconstrución de 11 vivendas na microrrexión de Santo Domingo, en San José de Palmira- Quebrada Grande, onde INPRHU mercou a terra e a distribuíu a mulleres sen terra, para así mellorar a calidade de vida de 11 familias a través do acceso a unha vivenda en condicións mínimas e suficientes de habitabilidade. A intervención comprende dous aspectos básicos:

- a autoconstrución de 11 vivendas
- a capacitación da poboación beneficiaria en materia de autoconstrución de vivendas, agricultura orgánica e sanidade ambiental.

As fortes choivas que tiveron lugar no mes de outubro e que orixinaron a declaración de Estado de Desastre en Nicaragua, tiveron repercusión sobre o proxecto. A principal e máis importante foi o emprazamento das vivendas por construír, xa que os terreos previstos estaban asolagados completamente, o que impedía calquera tipo de avance ao respecto. Decidiuse entón buscar un lugar máis apropiado que permitise avanzar coas obras e así se fixo tras a aprobación por parte do Poder Local, o Pobo Indíxena e os Gabinetes de Poder Local. Non obstante, os traballos levaron algo de retraso, como foi normal ante estas circunstancias.

OBXECTIVO XERAL

Mellorar a calidade de vida da poboación rural Chorotega da Municipalidade de Totogalpa.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Mellorar as condicións de habitabilidade e salubridade de 11 familias Chorotegas das comunidades de San José de Palmira, La Palmera e El Frayle, na municipalidade de Totogalpa.

RESULTADOS

- Facilitado o acceso a unha vivenda digna a 11 familias Chorotegas en San José de Palmira, La Palmera e El Frayle, na municipalidade de Totogalpa.
- Melloradas as capacidades das comunidades en materia de autoconstrución, rehabilitación de vivendas e agricultura orgánica.
- Mellorados os hábitos hixiénico sanitarios das comunidades.



Autoconstrución de vivenda en Totogalpa no marco do proxecto



Beneficiaria carrexando auga para a construción da súa vivenda

ACTIVIDADES

Elaboración do diagnóstico inicial: Procedeuse durante o primeiro mes de execución do proxecto ao levantamento dun diagnóstico inicial que permitiu dispor de información actualizada sobre a situación das vivendas nas tres comunidades meta.

Proceso assembleario: Realizouse un proceso assembleario a nivel de cada comunidade en tres momentos distintos coa finalidade de devolver a información obtida a nivel comunitario, e promover a toma de decisión en conxunto. A través deste proceso assembleario foron seleccionadas as familias beneficiarias, segundo os criterios establecidos pola propia comunidade. As familias beneficiarias comprometéronse a achegar para a construción das súas vivendas o material local para a construción, man de obra e auga.

Construír 11 novas vivendas: Previo á construción, realizouse unha supervisión dos lugares onde se construírían as vivendas, atendendo aos criterios de INETER (Instituto Nicaraguano de Estudos Territoriais) e Defensa Civil do Exército de Nicaragua. Tras a compra e o transporte dos materiais necesarios á comunidade, iniciouse a construción das vivendas, que foi realizada polas familias e o mestre de obras contratado.

Impartir 2 cursos de capacitacións en autoconstrución de vivendas. O modelo de vivenda rural que executa INPRHU Somoto é o resultado dun proceso de investigación de anos que permite responder ás demandas da familia campesiña. Ditas vivendas contan cunha superficie de construción de 60 m². O modelo baséase nun centro, un corredor e unha cociña. A este modelo sumáronse melloras de suma importancia, tales como a instalación

dunha cociña mellorada e o sistema de captación e almacenamento de auga de choiva. A cociña mellorada permite un importante aforro en consumo de leña.

Os cursos de capacitación en autoconstrución de vivendas tiveron unha duración de 5 horas cada un, e foron realizados no primeiro mes de execución do proxecto. No desenvolvemento dos mesmos o mestre de obra formou á poboación beneficiaria en técnicas de autoconstrución de vivendas con adobe. Abordáronse temas relacionados coa cimentación, levantamentos de paredes e teitos, colocación de portas, xanelas, fregadeiros e fogóns mellorados.



Elaboración dos adobes



Taller de autoconstrución de vivendas


Mención especial merece as recomendacións que se deron, tales como: a utilización de material autóctono, a relación custo/calidade, calidade e durabilidade das obras realizadas, e reprodutividade das solucións.

Impartir 2 cursos de capacitacións sobre agricultura orgánica ás familias beneficiarias:

A formación foi impartida polo capacitador integrado no equipo técnico de INPRHU-Somoto, quen preparou os materiais, o equipo e as condicións adecuadas para cada evento. Realizáronse 2 sesións de 5 horas cada unha. Proporcionouse ás/aos participantes material impreso que lles serviu como texto de consulta e estudo para que o/a agricultor/a adquiera os coñecementos mínimos no manexo da súa terra. Os temas a tratar foron: fertilización orgánica, conservación de chans, sementes, manexo de pragas, métodos de colleita e almacenamento así como alimentarse mellor gastando menos.

Impartir 3 cursos de capacitacións sobre cambios de hábitos hixiénico-sanitarios e saúde ambiental a familias beneficiarias:

Correu a cargo do equipo de Educación Comunitaria para a Saúde, que forma parte do persoal técnico de INPRHU. Cada curso constou de 5 horas cada un. Os coñecementos impartidos permitirán ás/aos beneficiarias/os mellorar as súas prácticas hixiénico sanitarias, en relación á hixiene persoal, hixiene dos alimentos, control de lixos, residuos líquidos, limpeza da vivenda, uso e tratamento da auga, uso e mantemento da latrina, etc.



Infravivenda previa a intervención do proxecto



Vivenda final de familia beneficiaria do proxecto na municipalidade de Totogalpa

HAITÍ

FORTALECIMENTO DO DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA DAR UNHA RESPOSTA SOSTIBLE E SOLIDARIA TRAS O TERREMOTO DO 12 DE XANEIRO EN HAITÍ

PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA	Municipios de Carice, Vallières e Monbin Crochu, no noreste de Haití
DURACIÓN	17 meses (de novembro de 2010 a abril de 2012)
PERSOAS BENEFICIARIAS	63.900
PARCEIRO LOCAL	SKDK
SOCIO ESTRATÉXICO	FONS CATALÀ DE COOPERACIÓ AL DESENVOLUPAMENT
CUSTE TOTAL DO PROXECTO	271.192,91€
ACHEGA DO FONDO GALEGO	171.192,91€
ACHEGA FONS CATALÀ	100.000€

RESUMO

O proxecto, que naceu do solidario movemento que brotou desde os Concellos galegos, tras o desastre do terremoto do 10 de xaneiro de 2010, iniciouse en novembro de 2010. Coa parcería co Fons Català, xa con experiencia no terreo en Haití, decidímonos a canalizar os fondos da nosa conta de emerxencia a tres concellos na fronteira coa República Dominicana.

O mesmo actúa en varias fronteiras co fin de crear capacidades rexionais para mellorar as condicións de vida da poboación e así disipar os riscos e mitigar os desastres provocados polos fenómenos naturais na illa, coma os terremotos e os ciclóns. Trátase de apoiar aos concellos e ás organizacións sociais para fortalecer a súa capacidade de desenvolver plans de acción que disipen esa vulnerabilidade, aplicando políticas para o uso e ocupación do solo e sensibilizando á cidadanía para unha axeitada xestión da terra.

A fase de identificación do proxecto foi realizada de novembro de 2010 a xaneiro de 2011, e consistiu en elaborar unha radiografía do contexto da poboación dos tres municipios dende antes do terremoto, para poder medir o grao de cumprimento das metas marcadas no proxecto.

As actividades planificadas arrastraron un lixeiro retraso debido a dúas circunstancias que entorpeceron o seu correcto desenvolvemento e que son alleas ao control do parceiro local, SKDK:



Alcaldes e autoridades locais dos 3 municipios que abrangue o proxecto

- Produto da tensión vivida durante a campaña electoral en Haití, a sede de **SKDK** e varias vivendas familiares foron incendiadas en abril de 2011, debido a que SKDK promoveu unhas eleccións limpas e democráticas entre a cidadanía dos tres municipios, e non todos os poderes fácticos aceptaron esta decisión e capacidade. O incendio supuxo un atranco importante xa que a cidadanía estaba temerosa de novas represalias.
- A **epidemia de cólera**, posterior ao terremoto, agravou a crise e puxo en evidencia a situación de vulnerabilidade da poboación e a febleza institucional.

Para medir o éxito do proxecto en termos de eficacia, eficiencia, transparencia, sustentabilidade e perdurabilidade, será realizada unha avaliación final e unha auditoría externa (a realizar por unha consultora allea á organización local).

OBXECTIVO XERAL

Contribuír ao fortalecemento de capacidades para mellorar as condicións de vida da poboación de tres municipios fronteirizos da rexión de Vallières, na xestión de riscos e desastres en harmonía coa natureza e o respecto ao medio ambiente.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

Conseguir que gobernos locais, dirixentes e líderes das organizacións Sociais e asociacións de produtoras/es dos tres municipios (Carice, Vallières e Monbin Crochu) conten con capacidades que lles permitan adquirir un maior compromiso de traballo na rede para fortalecer as accións de prevención e control de riscos e desastres.

RESULTADOS

- Concertados liñamentos intermunicipais de políticas públicas en prevención de riscos e desastres.
- Plans de estudo profesionais actualizados, adaptados e elaborados nas disciplinas de agroecoloxía, construción local adaptada e economía social, e profesorado capacitado do Centro de Formación Profesional de Carice.
- Deseñado e construído un centro de interese intercomunal de desenvolvemento local con sede en Carice, construído polo alumnado construtor do Centro de Formación Profesional de Carice coas novas tecno-



Reunión de técnicos locais durante a identificación



Nenos de Carice

loxías apropiadas atisísmicas, anticiclónicas e culturalmente adaptadas, como modelo de construción alternativa na rexión.

- Posta en marcha dun obradoiro de arxila no centro de Formación Profesional de Carice para elaborar filtros de auga que permita á poboación mellorar a potabilidade da auga, e grupo de mulleres organizadas capaces de operalo.
- Sistema de Información sobre a vulnerabilidade en riscos e desastres e comités de Protección civil reactivados e preparados para empregar o Sistema de Información.

ACTIVIDADES

Sensibilizar ás autoridades locais e líderes de asociacións sobre a importancia de coñecer o territorio e de actuar de maneira coordinada para a sustentabilidade do medio ambiente, o uso da terra, a economía social e a prevención de riscos e desastres. SKDK asesorou na elección do equipo que se encarga da sensibilización nos tres municipios para a elaboración de políticas públicas sobre ordenamento do territorio e xestión do solo.

Elaboración do Plan de prevención de riscos e desastres: Tras coñecer as prioridades dos municipios en canto á xestión do solo e prevención de desastres, foron difundidas, validadas e tidas en consideración á hora de elaborar o Plan de prevención de riscos e desastres, en coordinación cos tres municipios para crear sinerxías e incrementar o impacto, a eficacia e a eficiencia.

Validación e aprobación do Plan polas colectividade territoriais: Realización de talleres e capacitacións coas institucións locais e as organizacións e asociacións máis notables sobre xestión do territorio, o medio ambiente, a economía social, os servizos intermunicipais e a xestión de riscos e desastres cun enfoque intermunicipal. Unha vez aceptados os plans por parte da cidadanía, o segundo paso é a aprobación e aplicación formal dos mesmos por parte dos municipios.



Reunión coas alcaldías dos tres municipios



Alumno portando o bambú guadua



Alumnado construíndo o Centro Polivalente Intermunicipal

Adaptar e elaborar os plans de estudo do Centro de Formación Profesional de Carice: A actividade consiste en realizar talleres de traballo con dirixentes locais, responsables do Centro de Formación Profesional de Carice e coa persona correspondente do goberno haitiano para a adaptación do plan de estudos de albanelería de tres disciplinas: agroecoloxía, construción local adaptada e economía social. Así mesmo, foron realizados talleres e cursos de reciclaxe e de formación para as mestras e mestres co fin de fornecer as súas capacidades para a aplicación do plan de estudo e o desenvolvemento de materiais.

Validación e aprobación do Plan de estudio: Presentación do plan de estudio ao Instituto de Formación Profesional do Ministerio de Educación para a súa aprobación e validación, xa que se pretende que o alumnado obtéña un título oficial recoñecido. A validación do plan de estudos implica adaptación de materiais e compra de equipos para impartir as novas disciplinas integradas no plan de estudos en albanelería. Mantivéronse reunións co Instituto de Formación Profesional do Ministerio de Educación para que aceptasen as prácticas do alumnado no municipio de Restauración, en República Dominicana, onde teñen moi desenvolvido o eido da xestión e ocupación do solo, para que o alumnado poida adquirir coñecemento sobre os usos da madeira con sustentabilidade ambiental.

Selección e formación dos equipos de construción dos tres municipios participantes no proxecto: A primeira parte desta actividade consiste na investigación sobre as técnicas de construción antisísmicas, anticiclónicas e culturalmente adaptadas. Posteriormente fixéronse reunións cos construtores dos tres municipios para propoñer a integración destas técnicas.

Elaboración dun proxecto de construción modelo e construción dun centro polivalente en Carice como parte da formación-investigación-acción: Como parte da formación do alumnado do Centro de Formación Profesional de Carice elaborábase un proxecto de construción dun local polivalente intermunicipal que integre as novas técnicas aprendidas. Unha vez seleccionados os materiais apropiados foi levantada a construción do centro polivalente intermunicipal polo alumnado do Centro de Formación Profesional, que integra as técnicas aprendidas nas diferentes disciplinas. Contouse co apoio do arquitecto colombiano Rubén Darío Espinosa, que identificou o bambú *guadua* como o máis apropiado para as construcións na zona.



Mulleres de EAU CARICE que xestionarán o taller de filtros de auga

Entrega de certificados ao alumnado ao final da construción: Recoñecemento do rendemento do alumnado e entrega do certificado oficial que as/os avalará para edificar construcións con técnicas antisísmicas e anticiclónicas baixo o imperante do respecto polo medio ambiente.

Identificación e motivación das mulleres que asumirán a montaxe e funcionamento do obradoiro de filtros de arxila: Esta actividade xorde a partir da epidemia de cólera que asolou Haití dende outubro de 2010 ata abril de 2011. Identificouse unha arxila na zona que cumpre tódolos requisitos para potabilizar auga infectada de bacterias que causan a enfermidade. O seguinte paso foi identificar á asociación de mulleres que tivese vontade

de traballar na elaboración dos filtros de arxila: *EAU CARICE*. Estas mulleres elaborarán os filtros, estarán inmersas na xestión da actividade e poderán tomar decisións, cousa que reverterá positivamente no seu empoderamento.

Deseño, construción e funcionamento do taller de filtros: Contouse co apoio da patente dos filtros de auga, que dará formación e seguimento para montar o propio taller e dar formación e seguimento ás mulleres.

Para a construción do taller de filtros é necesario implicar aos tres concellos, e ao municipio dominicano de Restauración, que achegará as vigas para a súa construción e serraduras para manter o forno en funcionamento, xa que na cunca que comprende aos tres municipios hai un grave problema de deforestación. As mulleres que xestionan a actividade recibiron formación e capacitación sobre a fabricación dos filtros de auga, que ademais se converterá nun pequeno negocio que permitirá que teñan uns pequenos ingresos moi importantes para a mellora da súa calidade de vida. Unha vez a infraestrutura creada e as mulleres capacitadas iniciárase a produción dos filtros. A arxila será extraída dos propios municipios haitianos, nos que se dá este elemento en grande medida. Os filtros serán vendidos a un baixo prezo, asumible para calquera familia haitiana. Os beneficios irán destinados ao mantemento da fábrica, ás mulleres e unha pequena parte a SKDK para poder manter a estrutura necesaria para continuar o traballo.



Formación dos alcaldes sobre xestión do territorio, o medio ambiente, a economía social, os servizos intermunicipais e a xestión de riscos e desastres

Coordinar e elaborar o sistema

de información sobre riscos e desastres co apoio dos Comités

de Protección Civil: Os municipios non contan ao inicio do proxecto cun sistema de información adecuado sobre riscos e desastres que oriente a toma de decisións en casos de emerxencia. Sen embargo, si hai datos recompilados a nivel nacional e hai traballo avanzado neste eido por parte dalgunha asociación local. Así mesmo, cada un dos tres municipios conta cun Comité de Protección Civil, que foron creados no ano 2008, pero que contan cunha actividade moi residual. A proposta que formula esta actividade implica a coordinación dos Comités de Protección Civil dos tres municipios, xunto coas asociacións locais, a poboación de tódolos municipios e os organismos do goberno central para crear un sistema de información ante calquera desastre en cada municipio. A elaboración do sistema de información implica a elaboración dunha base de datos recompilados pola escola de planificación de SKDK a partir dos coñecementos dos Comités de Protección Civil, representantes comunitarias/os dos tres municipios, asociacións locais, etc. A partir deste sistema os comités de Protección Civil comezarán a operar coordinadamente e en relación de colaboración entre eles mesmos e co resto de institucións con presenza nos municipios.

4

SENSIBILIZACIÓN



A sensibilización social é a ferramenta por medio da que o Fondo Galego se estende e se fai presente no país, achegándonos directamente a miles de cidadáns, por medio de innumerables actividades; como exposicións, contacontos, espectáculos teatrais, cursos de formación, foros de análise e debate, ou o programa de voluntariado internacional: Vacacións con Traballo.

O obxectivo do traballo na área de sensibilización é pular por unha reflexión ao respecto do mundo no que vivimos, desde o universalismo inspirador dos Dereitos Humanos. Procurando que a reflexión vaia dirixida a un cambio de actitude.

Nos resultados do 2011 cómpre destacar a consolidación do modelo de traballo en rede, para a organización de actividades e fluidez na información interna.

AS REDES MUNICIPALISTAS SOLIDARIAS

As Redes Municipalistas Solidarias (RMS) son o xermolo do traballo do Fondo na área de sensibilización, ao conectar a Secretaría coas entidades socias, a fin de que nestas teñan claro como están os proxectos que desenvolvemos no exterior, de que materiais dispomos en cada momento, e as actividades que poden desenvolver nos seus Concellos. Son tamén de extrema utilidade para que entre os socios se poidan intercambiar experiencias, e promover a extensión daquelas actividades e prácticas que se consideren máis afortunadas. A visibilización física da rede.

As **RMS do primeiro semestre** realizáronse entre o 20 e o 29 de marzo, nas localidades de: A Coruña, Tomiño, Pontevedra, Pobra do Caramiñal, Lugo e Ourense.

Durante o **segundo semestre** realizouse unha única convocatoria de RMS para todos os socios, este cambio vinculouse á necesidade de presentar en Galicia o proxecto europeo onde o Fondo participa: *“Redes para o desenvolvemento”*, en Santiago de Compostela, o 30 de novembro.

Cumpre salientar que na RMS do segundo semestre distribuíronse produtos de comercio xusto da ONGD AMARANTE, coa que o Fondo ten un convenio de colaboración desde o ano 2005, coa motivación de difundir e promover a compra pública responsable dentro das entidades socias.



Presentación do proxecto europeo á Rede Municipalista Solidaria

ENCONTRO COA COORDINADORA GALEGA DE ONGD

Xunto coa Coordinadora Galega de ONGDs o Fondo Galego organizou o 11 e 12 de marzo en Santiago de Compostela o *Encuentro sobre a cooperación internacional en Galicia*, que xuntou a representantes da cooperación internacional española, co movemento asociativo das ONGD, as Universidades, as consultoras, ou autoridades locais galegas.



Diversos expertos participaron no Encontro sobre a cooperación internacional en Galicia

O Encontro, que tivo un grande éxito de participación contou cos seguintes participantes nas distintas mesas redondas e conferencias:

AS AXENCIAS DE COOPERACIÓN AUTONÓMICAS

Teresa Godoy Tapias. Responsable de Cooperación descentralizada de FIIAPP/SECI.

Juan Manuel Rodríguez Tabares. Director AEXCID. Xunta de Extremadura.

O FUTURO DA COOPERACIÓN. PERSPECTIVAS DA COOPERACION AUTONÓMICA E ESPAÑOLA

Soraya Rodríguez Ramos. Secretaria de Estado de Cooperación Internacional. MAEC.

COMERCIO XUSTO E COMPRA PÚBLICA ETICA

José Manuel Maceira. Técnico Confederación de Empresarios de Galicia.

Clara Raposo. Secretaria A Cova da Terra.

Pablo Nimo. Auxiliar de contratación da Xunta de Galicia.

NOVA NORMATIVA DE SUBVENCIÓN EN MATERIA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

Ramón Almansa López. Secretario e Vogal de financiamento da CONGDE.

Gonzalo Alonso. Membro de MUSOL (Municipalistas Solidarios).

A COOPERACION GALEGO-PORTUGUESA NA LUSOFONÍA

Ánxelo González. Vicedirector do IGADI.

Ana García. Responsable de EpD de Axuda en Acción-Galicia

Herminia Barreiro. Presidenta da ONGD Instituto marqués de Valle Flor.

Jose Luis Carvalhido da Ponte. Presidente da dirección da Associação de Cooperaçao com a Guiné Bissau.

TALLER DE EXPERIENCIAS

Salvador Fojón Polanco. Médico e membro de Solidariedade Galega.

Lorena Pisani. Fundación ALCOA.

Verónica Dopico e Yolanda Castro. Coordinadoras do proxecto Monfero Solidario. CPI Virxe de Cela. Monfero.

O PAPEL DAS UNIVERSIDADES NA COOPERACION INTERNACIONAL EN GALICIA

Carlos Teijo Gracia. Profesor titular de Dereito Internacional Público na USC.

Luís Hervella Neto. Director da Oficina de Coepración e Voluntariado da UdC.

Manuel Fernández. Vicerreitor de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo Francisco Durán Villa. Vicerreitor de Estudiantes e Formación Continua da USC.



O Fondo Galego e a Coordinadora Galega de ONGD organizaron o Encontro

OS PARTIDOS POLITICOS GALEGOS E COOPERACIÓN EXTERIOR

Alfredo Novoa. Presidente do FGCS.

Olaia Fernández Davila. Deputada do BNG non Congreso dous Deputados.

María Seoane Romero. Deputada do PPdeG non Parlamento de Galicia.

Margarita Pérez-Herraiz. Coordinadora de Cooperación Internacional do PSdG-PSOE.



O Fondo Galego celebrou en decembro un primeiro encontro co PPdeG

ENCUNTROS: INSTITUCIÓNS LOCAIS E SOLIDARIEDADE

Os Encuentros, Institucións Locais e Solidariedade, querían servir de punto de encontro cos tres partidos políticos maioritarios en Galicia, tras as eleccións municipais de maio de 2011.

A idea inicial era o de agrupar segundo afinidade partidista aos representantes políticos do Fondo, para muscular a rede organizativa e de persoas que o Fondo Galego é. Tras o cambio de ciclo no local, os representantes polític@s do Fondo mudan, co que estimábase preciso, que estes encontros servisen para actualizar información e a súa vez atraer á rede aos novos responsables municipais vinculados ao Fondo.

O Fondo Galego preparou e imprimiu materiais (panfletos, carpetas, libros e plotter) baixo o subtítulo: **Cal vai ser o teu papel?** que serven de fío condutor aos tres Encuentros, facéndollos chegar a todos os responsables do Fondo, e as ONGD e asociacións do sector.

Por motivos de axenda durante o 2011 tan só se puido celebrar o Encontro co PP de Galicia, na súa sede principal en Santiago de Compostela, o 23 de decembro. Durante o 2012 celebráronse os Encuentros co PSdG e o BNG.



Participantes da edición anterior protagonizaron a presentación de Vacacións con Traballo

VACACIÓNS CON TRABALLO (VI EDICIÓ)

O primeiro paso para a apertura da convocatoria de 2011 consistiu na presentación das experiencias dos participantes de VcT en 2010. *O Caderno de experiencias* dá conta ano a ano das memorias dos participantes no programa, o que nos achega as súas experiencias e aos procesos de desenvolvemento humano que o Fondo apoia.

O período de inscrición para a convocatoria de 2011 rematou o 30 de abril, sendo no mes de xuño cando se fixo pública a resolución da mesma. Durante o verán organizáronse as viaxes, e realizouse a Xornada de formación en Poio.

Un breve perfil da edición de 2011:

Do 26 de setembro ao 23 de outubro, María José Pérez González, arquitecta da Deputación de Pontevedra, viaxou a Cámara municipal do Paul (Cabo Verde).

Tarefas realizadas: Monitorización dos proxectos financiados polo Fondo. Asesoramento en técnicas de rehabilitación.

Do 3 de outubro ao 26 de outubro, Joaquín Lede Martínez, técnico de proxectos europeos da Deputación de

Pontevedra, viaxou á Cámara municipal de Portonovo (Cabo Verde).



A ourensá Cristina Moreiras, coas súas compañeiras na Cámara Municipal de Paúl

Tarefas realizadas: Recoñecemento dos procedementos administrativos e asesoramento para a súa mellora.

Do 21 de outubro ao 16 de novembro, Cristina Moreiras Mosquera, técnica de medio ambiente do Concello de Ourense, viaxou a Cámara Municipal do Paul (Cabo Verde).

Tarefas realizadas: Participou na elaboración de normativa medioambiental da Cámara, e na formulación e implementación de varias actividades durante a súa estancia.

Do 31 de outubro ao 30 de novembro, Diego Sánchez Calviño, técnico de turismo de Castrelo do Miño, viaxou a Nicaragua, Totogalpa, co Instituto de Promoción Humana-Somoto.



O voluntariado de Vacacións con Traballo asistiu a unha xornada formativa

Tarefas realizadas: Participou activamente no deseño de rutas de turismo rural e sustentable para a rexión de Madriz, dentro dun proxecto de turismo comunitario para a rexión de Madriz financiado pola AECID.

Sinalar que nesta edición 3 dos 4 participantes mantiveron activo un blog na súa estadía sobre o terreo, facilitando información en primeira man da súa estadía. Os blogs están dispoñibles na páxina web do Fondo Galego <http://www.fondogalego.org/web/blogsvct>.

O programa foi executado con éxito, con grande satisfacción tanto para os participantes coma por parte dos parceiros do SUR.

AS EXPOSICIÓNS E OS RECURSOS EDUCATIVOS

As exposicións **“A Paz cuestión de Fondo”** e **“Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio”** contaban ao inicio do ano 2011 con cadansúas unidades educativas en formato CD-Rom (produto do Plano 2008-2009 Xunta de Galicia-Fondo Galego), que as orientaba á visita de colexios e institutos polas entidades socias. Así mesmo, a exposición **“Influir no global dende o local”**, elaborada a partir do Plano 2010 entre a Xunta de Galicia e o Fondo Galego, contou tamén con unidades didácticas que foron dispoñibilizadas para aqueles lugares nos que estivo exposta.

Do mesmo xeito, estas tres exposicións contaron con folletos específicos para facer máis comprensible o seu contido. Para cada un dos lugares nos que foron mobilizadas estas tres exposicións foron enviados os folletos e varios exemplares das unidades didácticas correspondentes.

Os lugares nos que foi acollida a exposición **“A Paz cuestión de Fondo”** foron:

- Do 15/01 ao 15/02 no Concello de Redondela.
- Do 04/03 ao 13/05 no Concello de Pontevedra. A exposición visitou 10 colexios da localidade.
- Do 14/05 ao 23/05 no Concello de Cangas. A exposición estivo colocada na recepción do IES Montecarrasco. Producíronse visitas escolares durante a semana de todos os cursos de secundaria e Bacharelato.



A exposición 'Influír no global desde o local' estreouse en 2011

- Do 23/05 ao 31/05 no Concello de Vigo. Exposta na Casa das Mulleres, co obxecto da celebración do día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme.
- Do 15/06 ao 30/06 no Concello de Monforte. Colocada na Casa da Cultura de Monforte.
- Do 21/07 ao 10/10 no Concello de Castrelo de Miño. A exposición emplazouse no Centro de Día da localidade de Vide e recibiu a visita do alumnado do colexio.
- Do 29/10 ao 19/11 no Concello de Verín. Exposta na Casa do Escudo.
- Do 22/11 ao 20/12 no Concello de Riveira. Púidose visitar no Auditorio Municipal.

Os lugares que percorreu a exposición **"Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio"** foron:

- Do 01/03 ao 15/04 no Concello de Caldas de Reis. A exposición estivo no IES Aquis Celenis e no CPI Alfonso VII.
- Do 01/11 ao 15/11 no Concello de Abegondo, no IES de Viós.
- Do 20/11 ao 15/12 no Concello de Verín, na Casa do Escudo.

A exposición **"Influír no global dende o local"**, que foi elaborada ao longo do 2010 coa participación da Secretaría Técnica do Fondo Galego (contidos) e Pepe Carreiro (imaxes gráficas) foi mobilizada ao longo do 2011, obtendo en total seis lugares nos que estivo exposta:

- Do 25/04 ao 15/05 no Concello de A Coruña. Visitou o Fórum Metropolitano, do 25 ao 31 de abril, e o Espazo Solidario, do 2 ao 15 de maio de 2011.




As fotografías de Nicaragua continuaron xirando polas vilas galegas

- Do 16/05 ao 30/05 no Concello de Cangas. A exposición foi colocada na sala de laboratorio do Colexio Casa da Virxe e recibiu visitas de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.
- Do 01/07 ao 15/07 no Concello de Cuntis, na Casa da Cultura Roberto Blanco Torres.
- Do 01/08 ao 31/08 no Concello de Valga. A exposición puido ser visitada nas dependencias do Auditorio Municipal.
- Do 28/09 ao 08/10 no Concello de A Guarda, no Centro Cultural da localidade.
- Do 14/10 ao 30/12 no Concello de **Pontevedra**. A exposición visitou os centros de ensino: IES Luís Seoane, IES Sánchez Cantón, IES Frei Martín Sarmiento, IES Xunqueira II. Así mesmo tamén puido ser visitada no Centro Social de Gorgullón. (Destaca esta actividade como de boas prácticas)



'A paz cuestión de Fondo' exhibiuse en oito municipios



A mostra sobre os ODM seguiu sensibilizando en centros educativos

Durante o 2011 o Fondo Galego continuou colaborando co ONGD Solidariedade Galega facendo circular a exposición **“Nicaragua: unha realidade viva”**, froito dun proxecto cofinanciado polo Fondo Galego a dita entidade: *“A Formación sociosanitaria como vía de desenvolvemento, en Ocotal (Nueva Segovia) e Puerto Cabezas, Nicaragua”*. Cómpre sinalar, que neste caso, falamos dunha exposición circulante fóra do plan 211.

A exposición conta con 54 fotografías do profesional Eduardo J. Castro Rodríguez, a través das que debuxa unha esperanzadora realidade, máis alá das insuportables exclusións que vive o país. O calendario que o Fondo articulou para o 2011, conseguiu montar dez mostras:

- Do 01/02 ao 27/02 no Concello de O Barco de Valdeorras.
- Do 01/03 ao 01/04 no Concello de Manzaneda. A exposición foi colocada no Centro de Lecer do CEIP de Manzaneda.
- Do 18/04 ao 18/05 no Concello de Verín, na Casa do Escudo.
- Do 19/05 ao 17/06 no Concello de Ourense. A exposición puido ser visitada no Centro Cívico A Ponte.
- Do 15/07 ao 31/07 no Concello de Caldas de Reis. A exposición estivo aberta ao público no Auditorio Municipal como unha oferta cultural vinculada ao Festival Cultura Quente.
- Do 01/08 ao 31/08 no Concello de Valga, no Auditorio Municipal.
- Do 01/09 ao 31/09 no Concello de Cuntis. A exposición foi colocada no Centro Cultural Roberto Torres Blanco.

- Do 17/09 ao 13/10 no Concello de Pontecesures, colocada nos baixos do Concello.
- Do 15/10 ao 31/10 no Concello de Narón. A exposición foi colocada na Biblioteca Municipal do Alto, nas súas diferentes plantas.
- Do 02/11 ao 30/11 no Concello de Culleredo. Neste concello a exposición foi colocada no Xardín Botánico da Ría do Burgo e no Conservatorio.

A TROPA DE TRAPO

A Tropa de Trapo, unha parella de contadores de historias consolidada en anos de traballo e xiras polo país, configurou para o Fondo xa no 2010 un espectáculo concreto e específico, titulado: **Contos coas mans abertas**, pensado para o público que supera os 16 anos de idade. Ao longo do 2011 continuouse con esta actividade vista a demanda e o grao de satisfacción dos Concellos que participaron da actividade.

- Castrelo de Miño. O 24 de xullo no Centro de Día da localidade de Vide.
- Concello de Vilar de Santos. O 15 de agosto no Museo da Limia.
- Concello de Cuntis. O 18 de agosto na Praza do Ferrol.
- Concello de Porriño. O 13 de setembro no Centro Cultural de Porriño.
- Concello de Triacastela. O 15 de setembro nunha praza pública.
- Concello de Pontecesures. O 23 de setembro no Centro Social.
- Concello de Vilagarcía. O 24 de setembro na Praza de Galicia.
- Concello de A Guarda. O 30 de setembro no Centro Social.
- Concello de Porto do Son. O 02 de outubro na Casa da Cultura.
- Concello de Mos. O 07 de outubro no Multiusos Pazos de Eimonde.
- Concello de Mondoñedo. O 16 de outubro na Casa da Xuventude.
- Concello de Pontevedra. O 17 de outubro na Casa da Cultura de Gorgullón.
- Concello de O Barco de Valdeorras. O 18 de outubro no IES Martaguisela.
- Concello de Valga. O 19 de outubro no Auditorio Mu-

nicipal de Valga.

- Concello de Narón. O 20 de outubro no IES As Telleiras.
- Concello de Tomiño. O 27 de outubro no IES de Tomiño.
- Concello de Monforte de Lemos. O 28 de outubro na Casa da Cultura.
- Deputación de Ourense. O 04 de novembro no Centro Cultural da Deputación de Ourense.
- Concello de Melide. O 04 de novembro no IES de Melide.
- Concello de Abegondo. O 09 de novembro do IES de Viós.
- Concello de Boiro. O 10 de novembro na Casa da Cultura.
- Concello de Laxe. O 15 de novembro no Salón de Actos Municipal.
- Concello de Verín. O 16 de novembro, con obxecto do Día Internacional para a tolerancia, no IES de Verín.



Alumnado de toda Galicia gozou dos 'Contos coas mans abertas'

- Concello de Moaña. O 18 de novembro no IES A Paralaia.
- Concello de Cangas. O 21 de novembro no IES Rodeira.
- Concello de Sada. O 22 de novembro na Casa da Cultura Pintor Llorens.
- Concello de Riveira. O 23 de novembro no Auditorio Municipal.
- Concello de Poio. O 24 de novembro no IES de Poio.
- Concello de Caldas de Reis. O 25 de novembro no Auditorio Municipal.
- Concello de Outes. O 26 de novembro na Casa da Cultura de Outes.
- Concello de Vigo. O 29 de novembro no IES Politécnico.



A Tropa de Trapo pasou por máis de 40 escenarios ao longo do ano

- Concello de Vigo. O 30 de novembro no IES Alexandre Bóveda.
- Concello de Laracha. O 02 de decembro na Casa da Cultura.
- Concello de Bergondo. O 04 de decembro no Edificio da Senra.
- Concello de Xove. O 10 de decembro na Oficina de Información Xuvenil.
- Concello de Burela. O 12 de decembro na Casa da Cultura.
- Concello de Ferrol. O 13 de decembro no IES Canido.
- Concello de Ferrol. O 14 de decembro no IES Concepción Arenal.
- Concello de Malpica. O 19 de decembro no Auditorio do Centro Cívico.
- Concello de Carballo. O 19 de decembro no IES Monte Neme.
- Concello de Allariz. O 22 de decembro no Centro de Servizos Sociais Comunitarios.
- Concello de Teo. O 23 de decembro no Centro Socio-cultural da Ramallosa.

O Informe de seguemento de 2011 voltou ser un éxito rotundo, co que agardamos novas historias da Tropa.

O FONDO DOCUMENTAL

Durante o 2011, co obxectivo de dotar de maior operatividade ao Fondo Documental (biblioteca, videoteca e revisteiro) formulouse a actividade *Ciclos de cine con Fondo*, para estimular ás entidades asociadas no Fondo á organización de VideoFo-

rums, mediante o establecemento de 14 ciclos de cine orientados. Pode consultar a actividade no seguinte enlace web: http://www.fondogalego.org/web/ciclos_de_cine_con_fondo

VISITA DE VICTÒRIA PLANAS (TÉCNICA DO FONS CATALÀ, SUPERVISORA DO PROXECTO EN HAITÍ)

Entre o 14 e o 16 de decembro Victòria Planas, directora de proxectos do Fons Català en Centroamérica e o Caribe, visitou Galicia nunha misión de sensibilización xa non social, se non directamente política.

Durante a súa estancia, Victòria P. a supervisora do proxecto que o Fondo Galego apoia co Fons Català en Haití, visitou aos Alcaldes e responsables políticas/os dos Concellos de Cambre, Allariz, Vigo, Oímbra, e Redondela, todos eles Concellos doadores da conta de emerxencia que o Fondo Galego abriu, e co que se está a financiar o proxecto en Haití.

A Visita tamén incorporou charlas abertas á cidadanía en Cambre e Redondela.

Victòria Planas xa estivera en Galicia a comezos de ano para informar sobre o proxecto en Haití. O 28 de febreiro mantivo unha xuntanza coa Secretaría Técnica e logo impartiu unha conferencia no Concello de Ames. Un vídeo co resumo da charla e do proxecto está pendurado na canle do Fondo Galego en YouTube.



A supervisora do proxecto en Haití ofreceu una conferencia en Ames acompañada do daquela alcalde, Carlos Fernández



O alcalde de Redondela, Javier Bas, e a presidenta do Fondo recibiron a Victòria Planas



A representante do Fons Català explicoulles o proxecto ao alcalde de Vigo, Abel Caballero, e máis á concelleira e vicepresidenta do Fondo, Isaura Abelairas



A concelleira e tesoureira do Fondo Galego Pilar Gallego, Victòria Planas e Francisco García, alcalde de Allariz, conversaron sobre o proxecto en Haití

5 COMUNICACIÓN



A área de Comunicación encárgase de todo o relacionado coa difusión do Fondo Galego. Este gabinete profesionalizado leva as relacións cos medios mediante o envío de notas e fotografías, a organización de roldas de prensa ou a xestión de entrevistas, pero ao longo de 2011 tamén xerou unha serie de materiais que non só reforzaron a visibilización do Fondo, senón tamén a súa transparencia e o seu labor de sensibilización.

Memoria 2010. A comezos de 2011 elaborouse a memoria que dá conta de toda a actividade do Fondo Galego durante o exercicio anterior. Tecido asociativo, proxectos, sensibilización, relacións institucionais e balance económico son os apartados que incluíu, coa correspondente ilustración fotográfica.

IAF. O boletín bimensual 'Infórmate a Fondo' continuou sendo en 2011 unha ferramenta primordial para manter informada sobre a actualidade do Fondo á representación política e técnica das Administracións sociais, á súa poboación e ao sector cooperante. Distribuír esta e outras publicacións nas salas de agarda e bibliotecas, ou vía electrónica ao persoal e ás asociacións locais, contribúe a mellorar a difusión.

Web. O web do Fondo Galego é unha fiestra aberta cara os socios e cara a cidadanía en xeral. O novo deseño implementado en 2011 constitúe un atractivo engadido á hora de difundir o labor da entidade, pero tamén a actualización dos contidos varias veces por semana. Na páxina están dispoñibles os banners do Fondo para que os Concellos e Deputacións sociais os inserten nos seus webs.

Redes sociais. En xaneiro de 2011 o Fondo Galego estreouse en Facebook coa 'Campaña a prol da solidariedade interna-



cional desde o local', para a que se abriu un perfil no que se publicaron os apoios de medio cento de personalidades. No mes de maio creouse a nova páxina oficial, en cuxo taboleiro se penduran novidades practicamente a diario, entre elas calquera acción solidaria das Administracións sociais que así o desexen. Anímaselles asemade a premer o "Gústame", compartir e comentar. Pouco a pouco, vaise nutrindo tamén a canle do Fondo Galego en Youtube.



‘15 anos de andaina: a rede solidaria do municipalismo galego’. Co peche de 2011 saíu do prelo esta publicación que aborda a historia do Fondo Galego, os máis de 140 proxectos cofinanciados no Sur e a infinidade de actividades de sensibilización realizadas no Norte. Recolle asemade a declaración institucional “A crise non poderá coa solidariedade do municipalismo galego”. Ilustrativas páxinas gráficas complementan os textos.

Documental. A colaboración coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) afianzouse en 2011 coa posta en marcha dun documental sobre o Fondo Galego que está a elaborar un equipo de voluntariado profesional da ONGD. En novembro, a redactora Mónica González e o cámara Xacobe González desprazáronse a Cabo Verde para filmar os proxectos apoiados no arquipélago. Tamén se incluírán gravacións realizadas en Galicia e outras enviadas desde Cuba ou Nicaragua.

‘Voces con Fondo’. Ao longo de 2011 continuou a realizarse o programa mensual ‘Voces con Fondo’ en Agareso Radio, canle online integrada na rede de emisoras da ONU que se escoita en máis de 70 países. Os podcasts permanecen pendurados en www.agareso.org, e ademais, en virtude do convenio asinado entre Agareso e RadioFusión, o programa está dispoñible para as emisoras locais asociadas a esta rede. Recoméndase empregar o audio como “paisaxe sonora” para ambientar as exposicións do Fondo.

Pressbooks. O dossier de cobertura mediática reúne cada trimestre as informacións sobre o Fondo Galego publicadas nos medios de comunicación. Os catro *pressbooks* presentados ao longo de 2011 deron conta de máis de 600 impactos en prensa, radio, televisión e axencias. Para que o dossier sexa o máis completo posible, requírese que o persoal dos Concellos e Deputacións que organizan actividades do Fondo remitan as insercións nos medios da zona.

O gabinete de Comunicación do Fondo Galego está a disposición das Deputacións e Concellos socios para apoialos na difusión das actividades de sensibilización que acollen e dos proxectos nos que participan. Facilitánselles modelos de notas de prensa, fotografías, contactos de medios e todo o que precisen para maximizar o alcance da acción e a súa mensaxe. Pódese contactar coa responsable desta área en comunicacion@fondogalego.org.

6

**BALANCE
ECONÓMICO**

INGRESOS	
Cotas de afiliados (721)	210.283,55 €
Cotas de socios (*)	210.283,55 €
Subvencions para Cooperación Directa (725)	158.010,84 €
Subv. PCD/2011/NI/01	52.000,00 €
Subv. PCD/2011/CV/37	46.000,00 €
Subv. Plan Sensibilización 2011	60.000,00 €
Subv. Concellos Emerxencia Haití (**)	10,84 €
Doazóns e Legados afectos a actividade propia do FONDO (726)	25.745,24 €
Achegas de Particulares a Emerxencia Haití	23.000,00 €
Achegas de Particulares a Emerxencia Corno de África	410,00 €
Compensación de Gastos de Desprazamentos	2.335,24 €
Ingresos financeiros (769)	3,46 €
Xuros Contas Bancarias	3,46 €
(*) Cálculo das cotas dos socios que non están realmente ingresadas na súa totalidade	
(**) Existen aínda achegas comprometidas sen liquidar	
TOTAL INGRESOS	394.043,09 €

GASTOS		
Traballos realizados por outras entidades (607)		45.637,58 €
Gasto Secretaría Técnica	45.637,58 €	
Mantementos e Conservación (622)		207,56 €
Mantemento da Fotocopiadora	207,56 €	
Servizos profesionais independentes (623)		14.505,48 €
Asesoría	2.153,22 €	
Gasto Servizos de Internet e mantemento de Ofimática	1.099,98 €	
Gasto Servizos de Deseño Sensibilización	768,00 €	
Gasto Servizos de Comunicación Sensibilización	10.310,68 €	
Outros Profesionais	173,60 €	
Servizos bancarios e similares (626)		2.094,90 €
Comisións de Mantemento, Administración, Transferencias...	2.094,90 €	
Outros gastos (629)		65.908,94 €
Gasto de Materiais Sensibilización	525,17 €	
Gasto de Impresións	10.996,44 €	
Gasto de Impresións Sensibilización	10.685,72 €	
Gasto de Impresións Fondo	310,72 €	
Gasto de Persoal Sensibilización	24.412,62 €	
Gasto Actividades Sensibilización	14.444,33 €	
Gasto de Desprazamentos	14.508,81 €	
Gasto de Desprazamento Sensibilización	8.028,54 €	
Gasto de Desprazamento Fondo (Confederación de Fondos, CE...)	3.611,05 €	
Gasto de Desprazamento Proxectos	7.593,11 €	
Gasto de Correos e Mensaxería	757,10 €	
Outros Gastos	264,47 €	
Impostos (630)		26,39 €
Impostos e Taxas	26,39 €	
Axudas monetarias a proxectos e entidades. Cooperación directa (651)		208.127,77 €
Prox. INPRHU - Nicaragua 2011	58.189,64 €	
Prox. CM PAUL - Cabo Verde 2011	48.000,00 €	
Prox. SKDK - HAITÍ (***)	101.938,13 €	
Gastos excepcionais (678)		0,08 €
Gastos Extraordinarios	0,08 €	
Amortización inmovilizado (681)		558,85 €
Amortización Inmovilizado Material	558,85 €	
(***) Debido ás dificultades do traballo no terreo, as transferencias para Haití comezaron a realizarse en 2011		
	TOTAL GASTOS	337.067,55 €

Saldo positivo 2011 56.975,54 €

7

AXENDA



2011/01/14	Compostela / Xuntanza da Comisión Executiva
2011/01/19	Compostela / Reunión Fondo Galego - Coordinadora de ONGDs.
2011/01/14 ao 2011/01/19	En visita de seguimento da técnica de proxectos, Victoria Planas , ao proxecto apoiado polo Fondo Galego e o Fons Català en Haití.
2011/01/20	Vigo / Reunión Fondo Galego - ESAD de Galicia
2011/01/20	Vigo / Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade.
2011/02/11	Santiago de Compostela / Xuntanza da Comisión Executiva
2011/01/15 ao 2011/02/15	Redondela / Exposición A Paz cuestión de Fondo , no Multiusos.
2011/01/15 ao 2011/02/15	Redondela / Exposición A Paz cuestión de Fondo , no Multiusos.
2011/02/23	Madrid / Reunión técnica Confederación de Fondos: Plan de Traballo e Plan de Comunicación 2011.
2011/02/01 ao 2011/02/27	Barco de Valdeorras / Exposición Nicaragua: Unha realidade viva , no Centro comarcal Valdeorras.
2011/02/01 ao 2011/02/27	O Barco de Valdeorras / Exposición Nicaragua: Unha realidade viva , no Centro comarcal Valdeorras.
2011/02/28	Ames / Na Conferencia da técnica que viaxou a Haití, <i>Victòria Planas</i> . No local dos xubilados do Milladoiro (Rúa das Figueiras nº 3, baixo), ás 20h. / 20:00
2011/02/28	Baiona / Xuntanza da Secretaría coa técnica do Fons Català que supervisou o proxecto en Haití.
2011/03/03	Santiago de Compostela / Galiza cara a fóra, xornada sobre internacionalismo, solidariedade e cooperación , coa participación de María Méndez, da Comisión Executiva do Fondo Galego.
2011/03/04	Santiago de Compostela / Xuntanza da Comisión de Cidades e Deputacións.
2011/03/04	Santiago de Compostela / Xuntanza da Comisión Executiva.
2011/03/11 ao 2011/03/12	Santiago de Compostela / Encontro sobre Cooperación Galega , no centro sociocultural Novacaixagalicia.
2011/03/18	Pontevedra / Reunión da Rede Municipalista Solidaria , na Sala de Comisións da Deputación de Pontevedra (Montero Rios, s/n). / 11:00
2011/03/21	Tomiño / Reunión da Rede Municipalista Solidaria , na Sala de Xuntas do Concello – Campo da Feira, s/n). / 11:00

2011/03/22	Santiago de Compostela / Relatorio sobre o programa de radio 'Voces con Fondo' . No Seminario sobre Xornalismo Social e Cooperación Internacional, de Agareso. Na Facultade de Ciencias da Comunicación.
2011/03/14 ao 2011/03/23	Pontevedra / Exposición A Paz Cuestión de Fondo , no IES Frei Martín Sarmiento.
2011/03/23	Lugo / Reunión da Rede Municipalista Solidaria , no Salón de Actos do Centro de Convivencia Uxío Novoneyra – Quiroga Ballesteros, 1. / 11:00
2011/03/23	Madrid / Xuntanza técnica da Confederación de Fondos . Estratexias de comunicación.
2011/03/25	Pobra do Caramiñal / Reunión da Rede Municipalista Solidaria , no Centro de Atención á Discapacidade (CAD) – Castelao, 1 (Entre o Colexio “Fernández Varela” e os Xardíns de Valle Inclán-Alameda). / 11:00
2011/03/01 ao 2011/03/29	Caldas de Reis / Exposición Os Obxectivos do Milenio , no IES Aquis Celenis.
2011/03/29	A Coruña / Reunión da Rede Municipalista Solidaria . Ás 11h, no Equipamento Espazo Solidario – Paseo das Pontes, s/n.
2011/03/31	Ourense / Reunión da Rede Municipalista Solidaria . Ás 11h, no Centro de Iniciativas Empresariais – Padre Feijóo, 1. / 11:00
2011/03/31	Ourense / Reunión da Rede Municipalista Solidaria , no Centro de Iniciativas Empresariais – Padre Feijóo, 1. / 11:00
2011/03/01 ao 2011/04/01	Manzaneda / Exposición Nicaragua: unha realidade viva , no Centro de Lecer do CEIP de Manzaneda.
2011/04/02	Ourense / Obradoiro 'Cómo poden as ONG mellorar a súa mensaxe'. No II Curso de Comunicación e Cooperación ao Desenvolvemento, de Amigos da Terra e Agareso, no Centro de Educación Ambiental As Corcerizas.
2011/04/08	Illa de San Simón (Redondela) / Xuntanza da Comisión Executiva .
2011/03/28 ao 2011/04/08	Pontevedra / Exposición A Paz Cuestión de Fondo , no IES Luís Seoane.
2011/04/08	Illa de San Simón (Redondela) / Xuntanza da Comisión Executiva .
2011/04/11	Concello de Pontevedra / Exposición A Paz Cuestión de Fondo . No colexio Sagrado Corazón de Placeres.
2011/04/14	Concello de Ourense / Presentación do caderno Experiencias Solidarias 2010 .
2011/04/14	Concello de Ourense / Reunión da Secretaría Técnica con participantes na edición 2010 do programa Vacacións con Traballo .
2011/04/14	Ourense / Reunión da Secretaría Técnica con participantes na edición 2010 do programa Vacacións con Traballo .
2011/04/14	Ourense / Presentación do caderno Experiencias Solidarias 2010 .
2011/03/30 ao 2011/04/15	Caldas de Reis / Exposición Os Obxectivos do Milenio , no CPI Alfonso VII.
2011/04/11 ao 2011/04/16	Pontevedra / Exposición A Paz Cuestión de Fondo , no colexio Sagrado Corazón de Placeres.
2011/04/19	Lisboa / Participación da Secretaría Técnica no curso “Elaboração de Projectos de Cooperaçao (e Educaçao) para o Desenvolvemento” , organizado polo Instituto Marquês de Valle Flôr.
2011/04/26	Fene / Xuntanza da rede de emisoras municipais RadioFusión con Agareso e o Fondo Galego .
2011/04/28	Santiago de Compostela / Participación da Secretaría Técnica no curso “Cooperación para o desenvolvemento, un dereito, un deber” , organizado por MUSOL e a USC.

2011/04/28	Santiago de Compostela / Participación da Secretaría Técnica no curso “Cooperación para o desenvolvemento, un dereito, un deber” , organizado por MUSOL e a USC.
2011/04/25 ao 2011/04/30	A Coruña / Exposición Influír no global dende o local , no Forum Metropolitano (Rúa Río Monelos, nº1. Horario: luns a venres de 9:00 a 20:45 e sábado de 09:00 a 13:45 e de 16:00 a 20:45).
2011/05/02	Illa de San Simón / Reunión da Secretaría Técnica coa compañía A Tropa de Trapo .
2011/04/26 ao 2011/05/06	Pontevedra / Exposición A Paz Cuestión de Fondo , no IES Sánchez Cantón.
2011/05/10	Web do Fondo Galego / Resolución da convocatoria Vacacións con Traballo 2011 .
2011/05/12	Madrid / Curso da Confederación: ‘Comunicación de éxito para os Fondos de Cooperación’ .
2011/05/02 ao 2011/05/13	A Coruña / Exposición Influír no global dende o local , no Espazo Solidario (Paseo das Pontes s/n. Horario: luns a venres de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00).
2011/05/09 ao 2011/05/13	Pontevedra / Exposición A Paz Cuestión de Fondo , IES Xunqueira II.
2011/04/26 ao 2011/05/14	Verín / Exposición Nicaragua: Unha realidade viva , na Casa do Escudo de Verín (avenida de San Lázaro, 28).
2011/05/13 ao 2011/05/20	Cangas / Exposición A Paz cuestión de Fondo , no IES Montecarrasco.
2011/05/23	Vigo / Reunión ESAD – Fondo Galego .
2011/05/13 ao 2011/05/24	Cangas / Exposición Influír no global dende o local . No colexio Casa da Virxe.
2011/05/30 ao 2011/05/31	Lisboa / Reunión de coordinación dos parceiros do proxecto europeo. Redes para o Desenvolvemento: dos irmandamentos a unha cooperación máis eficiente , coa participación do Fondo Galego.
2011/06/02	Barcelona / Reunión de xerentes da Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade .
2011/06/10	Santiago de Compostela / Sinatura de acordo entre a compañía de contador@s de historias, A Tropa de Trapo, e o Fondo Galego.
2011/06/10	Santiago de Compostela / Xuntanza da Comisión Executiva .
2011/05/24 ao 2011/06/12	Cabo Verde / Misión técnica do Fondo Galego aos proxectos e parceiros .
2011/05/19 ao 2011/06/17	Ourense / Exposición Nicaragua: unha realidade viva . No Centro Cívico A Ponte (rúa Eulogio Gómez Franqueira nº 43.)
2011/06/23	Poio / Xornada de formación para @s participantes no programa Vacacións con Traballo 2011 .
2011/06/15 ao 2011/06/30	Monforte / Exposición ‘A Paz Cuestión de Fondo’ . De luns a venres, de 16 a 22 horas. Na Casa da Cultura.
2011/07/01 ao 2011/07/15	Cuntis / Exposición “Influír no Global dende o local” na Casa da Cultura “Roberto Blanco Torres”. Praza das Árbores, s/n. De luns a venres de 10 a 14 horas e de 17 a 20 horas.
2011/07/24	Castrelo de Miño / Espectáculo de contacontos da man da compañía A Tropa de Trapo , no Centro de Día (lugar de Vide). / 21:00
2011/07/29	Illa de San Simón / Reunión Fondo Galego - Coordinadora Galega de ONGDs
2011/07/15 ao 2011/07/31	Caldas de Reis / A exposición “Nicaragua: unha realidade viva” no Auditorio municipal, tódolos días da semana (incluídos domingos e festivos) de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas.
2011/07/21 ao 2011/07/31	Castrelo de Miño / Poderase visitar a exposición A Paz Cuestión de Fondo no Centro de Día (Lugar de Vide).

2011/08/15	Concello de Vilar de Santos / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Museo da Limia. / 21:00
2011/08/18	Concello de Cuntis / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Praza do Ferrol. / 19:00
2011/08/30	TVG, Santiago de Compostela / O responsable da Secretaría Técnica do Fondo, Ánxelo González , será entrevistado no programa ' Bos Días ' da Televisión de Galicia . / 09:45
2011/08/03 ao 2011/08/31	Concello de Valga / No Auditorio Municipal, exposicións Nicaragua: unha realidade viva e Influir no global dende o local .
2011/09/13	Concello do Porriño / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Centro Cultural. / 20:30
2011/09/15	Concello de Triacastela / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Polideportivo. / 17:30
2011/09/01 ao 2011/09/15	Concello de Cuntis / Exposición ' Nicaragua: unha realidade viva '. Centro cultural Roberto Blanco Torres. De 9 a 14 horas.
2011/09/23	Concello de Pontecesures / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Centro Social. / 21:00
2011/09/24	Concello de Vilagarcía de Arousa / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Praza de Galicia. / 12:30
2011/09/30	Santiago de Compostela / Asemblea Xeral ordinaria de socios .
2011/09/30	Concello da Guarda / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Centro Cultural. / 20:00
2011/09/30	Santiago de Compostela / Xuntanza Comisión Executiva saínte / 10:30
2011/10/02	Concello de Porto do Son / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Casa da Cultura. / 19:00
2011/10/07	Concello de Mos / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Multiusos Pozas de Eimonde, parroquia de Petelos. / 21:00
2011/10/07	Santiago de Compostela, FEGAMP / Xuntanza da Comisión Executiva / 10:30
2011/09/27 ao 2011/10/08	Concello da Guarda / Exposición ' Influir no global desde o local '. Centro Cultural.
2011/07/21 ao 2011/10/10	Concello de Castrelo de Miño / Exposición ' A Paz Cuestión de Fondo '. Centro de Día, lugar de Vide.
2011/09/17 ao 2011/10/13	Concello de Pontecesures / Exposición ' Nicaragua: unha realidade viva '. Casa do Concello.
2011/10/16	Concello de Mondoñedo / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Casa da Xuventude. / 21:00
2011/10/17	Concello de Pontevedra / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Casa de Cultura de Gorgullón. / 20:00
2011/10/18	Concello do Barco de Valdeorras / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. IES Martaguisela. / 12:00
2011/10/19	Concello de Valga / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Auditorio Municipal. / 11:00
2011/10/20	Concello de Narón / Actuación da Tropa de Trapo no IES As Telleiras na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. / 11:00

2011/09/27 ao 2011/10/25	Cámara do Paúl (Cabo Verde) / María José Pérez , arquitecta na Deputación de Pontevedra, participa en ' Vacacións con Traballo '.
2011/10/04 ao 2011/10/25	Cámara de Porto Novo (Cabo Verde) / Joaquín Lede , coordinador de proxectos europeos na Deputación de Pontevedra, participa en ' Vacacións con Traballo '.
2011/10/27	Concello de Tomiño / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. IES de Tomiño. / 10:40
2011/10/28	Concello de Monforte de Lemos / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Casa da Cultura. / 13:00
2011/10/15 ao 2011/10/31	Concello de Narón / Exposición ' Nicaragua: unha realidade viva '. Biblioteca municipal do Alto.
2011/11/04	Deputación de Ourense / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Centro Cultural da Deputación. / 20:00
2011/10/21 ao 2011/11/04	Concello de Pontevedra / Exposición ' Influír no global dende o local ' no IES Luís Seoane.
2011/11/05	Concello de Sandiás / Actuación da Tropa de Trapo no edificio do Colexio Público, na súa xira 2011 ' Contos coas mans abertas '. / 18:00
2011/11/09	Concello de Abegondo / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas ' no IES de Viós. / 16:30
2011/11/10	Concello de Boiro / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Casa da Cultura. / 20:00
2011/11/15	Concello de Laxe / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Salón de Actos Municipal. / 19:00
2011/11/01 ao 2011/11/15	Concello de Abegondo / Exposición ' Os Obxectivos do Milenio ', no IES de Viós.
2011/11/16	Concello de Verín / No IES García Barbón, e con obxecto do Día Internacional para a Tolerancia, espectáculo de contos solidarios coa interpretación da Tropa de Trapo . / 10:30
2011/10/21 ao 2011/11/18	Cámara do Paúl (Cabo Verde) / Cristina Moreiras , técnica de Medio Ambiente no Concello de Ourense, participa en ' Vacacións con Traballo '.
2011/11/07 ao 2011/11/18	Concello de Pontevedra / Exposición ' Influír no global dende o local ' no IES Sánchez Cantón.
2011/10/29 ao 2011/11/19	Concello de Verín / Exposición ' A paz cuestión de fondo ' na Casa do Escudo (de luns a sábado de 10:00 a 14:00h e das 16:30 ás 20:30h).
2011/11/22	Concello de Cuntis / Visualización da película ' Princesas ', de Fernando León Araona (2005), e posterior debate no Centro Sociocultural Patelas. / 20:00
2011/11/29	Madrid / Xuntanza de xerentes da Confederación de Fondos / 11:00
2011/11/29	Concello de Vigo / Actuación da Tropa de Trapo na súa xira 2011 ' Contos coas mans abertas ', no IES Politécnico . / 12:00
2011/11/30	Santiago de Compostela, FEGAMP / Rede Municipalista Solidaria / 11:30
2011/10/31 ao 2011/11/30	Nicaragua, INPRHU / Diego Sánchez , técnico de Turismo no Concello de Castrelo de Miño, participa no programa ' Vacacións con Traballo '.
2011/11/02 ao 2011/11/30	Concello de Culleredo / Exposición ' Nicaragua: unha realidade viva '. Xardín botánico da Ría do Burgo.
2011/11/30	Concello de Vigo / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 ' Contos coas mans abertas ' no IES Alexandre Bóveda. / 10:40

2011/12/02	Concello da Laracha / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas ' na Casa da Cultura. / 21:00
2011/12/02	Santiago de Compostela, FEGAMP / Comisión Executiva Fondo Galego / 10:30
2011/11/21 ao 2011/12/02	Concello de Pontevedra / Exposición ' Influír no global dende o local ', no IES Frei Martín Sarmiento.
2011/11/25 ao 2011/12/04	Cabo Verde / Misión FondoGalego/AGARESO para a gravación dun documental
2011/12/04	Concello de Bergondo / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Edificio A Senra. / 19:00
2011/12/10	Concello de Xove / Actuación da Tropa de Trapo na súa xira 2011 ' Contos coas mans abertas ', no Día Internacional dos Dereitos Humanos. Oficina de Información Xuvenil. / 17:00
2011/12/12	Concello de Burela / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas ', na Casa da Cultura. / 13:00
2011/12/13	Concello de Ferrol / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas ', no IES Canido. / 14:00
2011/12/14	Concello de Ferrol / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas ', no IES Concepción Arenal. / 11:10
2011/11/20 ao 2011/12/15	Concello de Verín / Exposición ' Os Obxectivos do Milenio ' na Casa do Escudo (de luns a sábado, de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30h).
2011/12/16	Concello de Malpica de Bergantiños / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. Auditorio do Centro Cívico. / 20:00
2011/12/14 ao 2011/12/16	Galicia / Visita dunha delegación do Fons Català ao Fondo Galego, ao respecto do proxecto no Haití. Recepcións institucionais: Cambre, Allariz, Oimbra, Redondela, e Vigo .
2011/12/19	Concello de Carballo / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. IES Monte Neme. / 16:45
2011/11/22 ao 2011/12/20	Concello de Riveira / Exposición ' A paz cuestión de fondo ', na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal .
2011/10/14 ao 2011/12/20	Concello de Pontevedra / Exposición ' Influír no global desde o local ' na Casa Social de Gorgullón.
2011/12/21	Santiago de Compostela / Coa participación do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento / 12:30
2011/12/22	Concello de Allariz / Actuación da Tropa de Trapo , na súa xira 2011 dos ' Contos coas mans abertas '. / 19:30
2011/12/23	Santiago de Compostela / Encontros: Institucións locais e solidariedade , PP-FGCS. / 10:30
2011/12/05 ao 2011/12/30	Concello de Pontevedra / Exposición ' Influír no global dende o local ', no IES Xunqueira II.
2011/11/02 ao 2011/12/31	Concello de Culleredo / Exposición ' Nicaragua: unha realidade viva ', no Centro da Xuventude e no conservatorio municipal.



www.fondogalego.org



XUNTA DE GALICIA



fondo galego
de cooperación e solidariedade



cooperación galega

Coa colaboración de

O Fondo Galego é membro da

INSTITUTO GALEGO DE ABALADO E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL



CONFEDERACIÓN Fondos de Cooperación e Solidariedade